

# MUSEO UNIVERSITARIO A DOMUS DO MITREO


Material didáctico PRIMARIA



MUSEO  
UNIVERSITARIO  
A DOMUS  
DO  
MITREO

## Cidadáns e escravos en Roma

No Imperio Romano non todas as persoas eran iguais. Había homes libres e escravos. Os cidadáns eran libres tiñan dereitos políticos e económicos, en tanto que os escravos non tiñan dereitos e eran como mercadoría.



## Diferenzas sociais

Mira as imaxes e le a información. Despois identifica os personaxes da imaxe e escribe quen é quen en cada recadro.

### ESCRAVOS


Pertencen a un amo,  
poden facer traballos  
moi duros.

### CIDADÁNS

Son libres, fan diversos  
traballos para gañar a  
vida.

### SENADORES E CABALEIROS


Os cidadáns máis  
importantes, son ricos e  
ocupan cargos políticos  
e administrativos.



## Os escravos en Roma


Os escravos non tiñan dereitos e pertencían a un dono, pero ás veces os seus amos dábanlles a liberdade. Os escravos gladiadores ou os que traballaban nas minas e no campo facían tarefas moi pesadas. Tamén había escravos que vivían comodamente e traballaban como mestres ou mesmo médicos. En Lucus Augusti chegou a haber escravos así, como a peiteadora Philtate, que veu desde Italia cos seus amos.

- Observa as imaxes de traballos comúns entre os escravos. Une cada imaxe co nome da profesión. Que profesións son máis duras? Cales non serían considerados traballos de escravos hoxe en día?



GANDEIRO

TABERNEIRA



CARNICEIRO

MESTRE



GLADIADOR

PEITEADORA

# Unha escrava de Lucus Augusti

Para coñecer a vida dos escravos podemos estudar as inscricións en pedra que os romanos dedicaban aos seus seres queridos cando falecían. En Lucus Augusti conservamos algunhas, como a da peiteadora Philtate, da que xa falamos. Noutras cidades romanas, como Emerita Augusta, atopouse unha dedicatoria como a que ves na imaxe de abaixo, que era para unha escrava música.

- Mira a estela da foto e debuxa unha parecida para a escrava Philtate. Le a inscrición e imaxina como podía ser a escrava, despois debúxaa cos instrumentos da súa profesión.



**AOS DEUSES MANES DE PHILTATE,  
PEITEADORA - - - ORIXINARIA DE  
AUGUSTI TAURINI, DOS SEUS  
COMPAÑEIROS DE ESCRAVITUDE**

# Explora a sociedade romana



Se queres atopar máis información sobre a sociedade romana visita estas ligazóns:

COMO LOITABAN OS GLADIADORES


A VIDA COTIÁ EN ROMA

OS DEREITOS DOS LIBERTOS EN ROMA

QUEN ERAN OS GLADIADORES

## A páxina web da Domus

Na nosa web vas poder atopar outras fichas... e moito máis!






A web da Domus do Mitreo lévate nunha viaxe a través do tempo para amosarche o pasado de Lugo. Nela podes atopar vídeos sobre o Lugo romano e descubrir como

se vivía nunha domus romana. Tamén podes coñecer ao deus Mitra e ver a súa historia contada de xeito sorprendente. Prepárate para mergullarte na historia.

## Soluciones

Mira as imaxes e le a información. Despois identifica os personaxes da imaxe e escribe quen é quen en cada recadro.

Senadores e <b>cabaleiros</b>	
<b>Ciudadáns</b>	
<b>Escravos</b>	


• Observa as imaxes de traballos comúns entre os escravos. Une cada imaxe co nome da profesión.

? Que profesións son máis duras?

Era moi duro ser gladiador ou traballar no campo ocupándose do gando ou da terra.

Cales non serían considerados traballos de escravos hoxe, en día?

Hoxe en día non nos parece que traballos como mestre, petteador, taberneiro ou carneiro sexan propios de escravos.



• Le a inscrición e imaxina como podía ser a escrava, despois débuxaa cos instrumentos da súa profesión

Esta é unha actividade libre, non sabemos como era Philtate e podes imaxinala como queiras, asegúyrala de que leva instrumentos para o petteado como un pette ou un espello.